

O NOSO PEDREGAL, MONUMENTO NATURAL

Pola declaración do Pedregal de Irimia como Monumento Natural

O Pedregal de Irimia, no concello de Meira, é un deses lugares que na cultura colectiva galega representan como poucos a nosa identidade como pobo. Un marco do noso imaxinario común, un espazo senlleiro e mítico: del nace o Miño, o pai dos ríos galegos!

Son ducias os mitos e lendas que acompañan ao longo dos séculos ao Pedregal de Irimia no seu lento tombar abas abaixo da Serra de Meira. Excepcional tamén o seu interese paisaxístico e xeomorfolóxico, como evidencias dun pasado aínda máis remoto no que os glaciares dominaban o mundo.

Mais esta fonda significación, este valioso tesouro cultural e científico que acubilla non é abondo para garantir a súa pervivencia. Son moitas as ameazas que pairan sobre este espazo: degradación paisaxística, eucaliptización, turismo desordeado... mais a principal delas quizáis sexa o esquecemento. Este semella ser o destino daquilo que non se pode mercar e vender, cuantificar por quilos, ferrados, euros...

As entidades e persoas que subscrebemos este manifesto negámonos a que isto aconteza. Negámonos a que o Pai Miño quede orfo, como un refuxiado na súa propia terra, privado do seu lugar fundacional, a casa petrucial: o Pedregal de Irimia.

É por iso que facendo uso das ferramentas das que nos dotamos para protexer e conservar a nosa herdanza natural e cultural, reclamamos un recoñecemento legal e unha protección para o Pedregal de Irimia. Á altura do seu valor e significado como elemento senlleiro do patrimonio material e inmaterial, insubstituíbel, do pobo galego.

A Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza, establece a figura de Monumento Natural para *“aqueles espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial. Considéranse tamén monumentos naturais as formacións xeolóxicas e os demais elementos da xea, así como os xacementos paleontolóxicos, que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos.”*

O Pedregal de Irimia ben merece pois este cativo recoñecemento, un pequeno paraugas legal para escorrentar as ameazas do expolio, do cemento, dos eucaliptos, mais sobre todo do esquecemento.

Os colectivos e persoas que abaixo asinamos, reclamamos da Consellaría de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galiza o inicio do procedemento para a declaración do Pedregal de Irimia como Monumento Natural, consonte ao disposto nos artigos 13 e 24 da Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza.

Galiza, setembro de 2016

ENTIDADES ASINANTES:

